

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

PREMIO CAIXANOVA DE POESÍA

Marilar Aleixandre fai 'Mudanzas'

[Marilar](#) Aleixandre acaba de gañar o premio de poesía con meirande dotación, o V Premio de Poesía Caixanova (dez mil euros). *Mudanzas* é o seu cuarto poemario, despois do *Abecedario de árbores* que pechou o ciclo Poeta en Compostela o pasado mes de xuño, *Desmentindo a primavera* (Xerais, 2003) e *Catálogo de velenos*, merecedor do Esquíu no 98. Nesta obra olla dende o feminismo as *Metamorfoses* de Ovidio. En total foron sesenta e oito as obras que se presentaron a este certame, que organiza o PEN Clube de Galicia canda a entidade bancaria.

- 12:24 13/12/2006

Mudanzas foi presentada baixo o lema "Comedores de cabeza". Marilar considera unha honra merecer este premio, nunha obra na que a voz poética é a das mulleres: [Circe](#), a que converte aos homes en porcos, Medusa, que transforma en pedra a quen ouse ollala, Medea, a que mata aos fillos... Todas mulleres demonizadas e ás que o protagonismo se lles nega. "Tomei estas historias de Ovidio dene a perspectiva contemporánea, para lles dar voz ás mulleres que non a teñen", explica Marilar. "Ninguén coñece a verdadeira historia de [Medusa](#), unha princesa belísima que foi violada por Neptuno, e a castigada foi ela, por profanar o templo de Atenea, ou Medea, que é quen gaña realmente o castrón de ouro. Desta vez é ela quen conta a súa historia en primeira persoa, quen mira ao colonizador". Lembra un referente moi interesante sobre [Medea](#), a novela de Christa Wolf.

O que Ovidio enmarcou na Grecia clásica, Marilar recupéao na Galiza dos nosos días, e así, ela fala de tiranos modernos que se convirten en pedra (en estatua, en todas as prazas), ou das portas do Averno (que son a porta da Escola da Armada, ou a comisaría da rúa Luís Taboada na que se torturou a tantas persoas durante o franquismo). Mira as guerras da Antigüidade dende o ollar contemporáneo, e percibe que é enormemente necesaria recuperar a historia das mulleres sen nome: "cando os inimigos morren no campo de batalla e os aguerridos guerreiros chegan á casa, tiña que haber alguén que limpase o sangue no chan". A estrutura non é fiel ao orixinal. "Épica, lírica... hai de todo un pouco: poemas de tres páxinas, personaxes que aparecen en varios dos poemas, e outros máis breves. O libro abre cunha dedicatoria a Ovidio, no que retomo o símbolo da escrita sobre a casca de ovo, e comeza despois este palimpsesto".

O premio

O xurado, nesta segunda convocatoria, estivo composto por Luis González Tosar, escritor e presidente do PEN Clube de Galicia; Arcadio López Casanova, gañador do IV Premio de Poesía Caixanova; Olivia González Fernández, profesora de Teoría da Literatura da Universidade da Coruña; Carlos Lema, director

de Edicións de Galaxia, e o escritor Manuel Vilanova.

En breve, *Mudanzas* será editado por Caixanova en colaboración co PEN Clube de Galicia, bna colección Arte de Trobar, de par de títulos como unha Antoloxía de Ramón Cabanillas, *Historias Fidelísimas*, de Luz Pozo Garza, unha *Poesía Reunida* de Xohana Torres, *Crónica Persoal. Poesía Completa 1973-2002*, de Xoán Manuel Casado, e os anteriores premiados: *Dársenas do Ocaso*, de Xabier Seoane, *Non queres que o poema te coñeza*, de María do Cebreiro, *As Metamorfoses do Túnel* de Román Raña, e *Herdo do canto* de Arcadio López Casanova.

E a premiada

Marilar Aleixandre naceu en Madrid, pero veu vivir a Vigo e Compostela, estudou Bioloxía, e na actualidade ensina Didáctica das Ciencias e Educación Ambiental na USC. Consegue compaxinar a docencia coa paixón pola natureza, un espírito viaxeiro e inqueda co repouso para escribir, todos os xéneros: ademais dos catro poemarios, Marilar ten publicado abundosa narrativa, como *Teoría do caos*, no 2001, o mesmo ano que *Unha presa de terra* obtivo o Premio Novela por Entregas da Voz de Galicia, *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade*, no 98, *Lobos nas illas*, no 96, ou *Tránsito dos Gramáticos*, no 93. Tamén escribiu narrativa pensada para os máis novos: *A vaca de fisterra e a trabe de alcatrán* (2005), *O monstro da chuvia* (2003), *Belisa e a princesa sapiño* (2002), *Paxaros de papel* (2001), *A Banda sen futuro*, *Lapadoiras*, *Sacaúntos e Cocón*, e *O chápiro verde*, as tres do 99 e traducidas a catalán, castelán e eusquera, *O monstro da chuvia* (1998), *O trasno de Alqueidón* (do 96), *A expedición do Pacífico*, Premio Merlín no 94, e *O rescate do peneireiro* (1990).

Ademais, ten traducido varias obras, colaborado en diversos medios, publicado ensaios, e participado en libros colectivos tanto de poesía como de narrativa, infantil ou para adultos. Tamén en teatro (*El-Rei Artur e a abominable dama*, xunto a Carmen Domech e José Rey).